

NOTIFICACIÓN

Expediente	2024024487	Subvención
Asunto	Concesión de axudas económicas en réxime de concorrencia non competitiva / Desenvolvemento de festas patronais en barrios urbanos e parroquias	

O concelleiro delegado especial de Xuventude, Festas, Novas Tecnoloxías e Marca Ferrol aprobou o día 11 de novembro de 2024 a seguinte resolución:

“Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado de Cultura con data 10 de outubro de 2024 e que literalmente di:

Informe proposta para a adxudicación das subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o desenvolvemento de actividades ou eventos de festas patronais de barrios e parroquias no exercicio 2024

O concelleiro delegado especial de Xuventude, Festas, Novas Tecnoloxías e Marca Ferrol o pasado 10 de xullo de 2024 acordou o inicio do expediente para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dirixida ás asociacións veciñais, asociacións de festexos e entidades sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, para o desenvolvemento de festas patronais en barrios urbanos e parroquias, cuxo ámbito de actuación sexa o Concello de Ferrol, contratando actuación de música en directo.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión de 8 de agosto de 2024 aprobou as bases e os anexos que rexerán a convocatoria da concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades ou eventos de festas patronais de barrios e parroquias no exercicio 2024 no Concello de Ferrol e o gasto correspondente (24.000€) destinado á financiación da citada convocatoria.

O 19 de agosto de 2024 procedese a publicar a convocatoria de referencia e as súas bases e anexos no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 158, onde se establece un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes a partir do día seguinte a súa publicación, prazo que rematou o pasado 2 de setembro de 2024.

Presentadas as solicitudes para a participación na convocatoria e unha vez analizada a documentación aportada, procedeuse de conformidade co artigo 23.5 da Lei 38/2033, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a base cuarta da convocatoria e, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a conceder un prazo de 10 días hábiles, para que os interesados emendasen a falta de documentación ou acompañasen os documentos que se relacionaban no Anexo correspondente, indicándose que quen non o fixese se lle tería por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Dito prazo finalizou o pasado 30 de setembro de 2024.

O órgano instrutor, á vista do expediente, é o encargado de formular a proposta de resolución provisional, conforme ao prescrito na base quinta das bases da convocatoria.

Unha vez realizadas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución provisional por este órgano instrutor en relación coa convocatoria pública de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o desenvolvemento de actividades ou eventos de festas patronais de barrios e parroquias no exercicio 2024 no Concello de Ferrol, de conformidade co establecido na base quinta das correspondentes bases, e no artigo 24 apartados 1, 2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, como órgano instrutor,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Proponer a resolución provisional de beneficiarios (ANEXO I), solicitantes desestimados indicando o motivo (ANEXO II), solicitantes desistidos da súa petición por falta de subsanación (ANEXO III), da convocatoria pública de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o desenvolvemento de actividades ou eventos de festas patronais de barrios e parroquias no exercicio 2024 no Concello de Ferrol.

En relación co ANEXO I, relación provisional de beneficiarios, tal e como establece a base sétima da convocatoria, o importe dividiuse da seguinte maneira:

1. En partes iguais, correspondendo a cada entidade a cantidade mínima de 1.000€ establecida nas bases, polo que concorrendo un total de 8 entidades consúmese 8.000€ do crédito total dispoñible.
2. Debido a que o crédito non resultou esgotado (16.000€), por razón do número de entidades solicitantes, procédese a repartir o sobranche a partes iguais entre todas aquelas entidades nas que na súa solicitude superaron o importe mínimo, tomando de base aquela entidade que presenta o importe mínimo e, por extensión, de aplicación ao resto; resultando este un total de 12.808€.
3. Persistindo un novo sobranche (3.192€), procédese novamente de idéntica forma, ao reparto a partes iguais entre o resto de entidades ata o seu esgotamento.

A presente proposta de resolución provisional non xera dereito algún a favor do beneficiario proposto fronte a administración mentres non se publique a resolución da concesión definitiva, tal e como establece a base quinta da convocatoria.

SEGUNDO.- Conceder un prazo de 10 días hábiles a partir do día seguinte á publicación da presente proposta no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Ferrol, para presentar as alegacións oportunas, de acordo co establecido na base quinta da convocatoria, sempre e cando non exista identidade entre o solicitado e o proposto, xa que neste caso non procederá o trámite de audiencia.

TERCEIRO.- Publicar a presente proposta de resolución provisional no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Ferrol.

ANEXO I

SOLICITANTES BENEFICIARIOS

ENTIDADE	SOLICITADO	CONCEDIDO
AVV SANTA COMBA DE COBAS	2.601	2.601
AVV VALLE DE ESMELLE	5.000	3.057
AVV BARRIO DE FERROL VELLO	5.000	3.057
COMISIÓN DE FESTAS DE CARANZA	5.000	3.057
ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA E COMISIÓN DE FESTAS DA CABANA	5.000	3.057
AVV SANTA MARIÑA DO VILAR	5.000	3.057
AVV ESTEIRO	5.000	3.057
COMISIÓN DE FESTAS DE SAN XURXO	5.000	3.057

ANEXO II

SOLICITANTES DESESTIMADOS

ENTIDADE	MOTIVO
AVV DE MADALENA	<p>Visto o proxecto presentado decídese a súa desestimación polos seguintes motivos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Non responde ao obxecto da subvención “realización de programas de actividades patronais”, xa que a data na que se pretende desenvolver non se corresponde coa data do “patrón” propiamente dito; sendo esta o 22 de xullo e a proposta o 22 de novembro.- A actividade proposta a realizar na Capela do Centro Cultural Torrente Ballester non respectaría os obxectivos marcados ao non levarse a cabo dentro do barrio propiamente, senón en instalacións de carácter cultural, que deberían ser cedidas para dito uso.

ANEXO III
SOLICITANTES DESISTIDOS

ENTIDADE	MOTIVO
COMISIÓN DE FESTAS DE SERANTES	<p>Logo de examinar a documentación presentada advírtense deficiencias na solicitude e se require á entidade solicitante o pasado 16 de setembro de 2024 para que emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles coa indicación de que se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude.</p> <p>Dito requerimento foi realizado, tal e como de establece nas bases da convocatoria, mediante a publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web o pasado 16 de setembro, ao tempo que se lle envía mediante correo electrónico (indicado a efectos de notificación) o mesmo.</p>

E tendo en conta a documentación que o acompaña,

Decreto.- Examinada a anterior proposta apróboa nos seus propios termos”.

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Ferrol,

A Oficial Maior como titular do órgano de apoio á XGL